

AS TRANSFORMACIÓNS SOCIAIS NO S.XIX

1.- A NOVA SOCIEDADE DE CLASES.

As transformacións producidas en Europa pola industrialización e polas revolucións liberais, deron lugar a unha **nova sociedade na que desaparecen os privilexios feudais. A base da nova organización social será a igualdade legal e xurídica, pero non a económica**, manténdose as enormes desigualdades.

A vella sociedade estamental deixa paso a unha **sociedade de clases na que a riqueza é o elemento básico da organización social.**

Criterios de organización social.- A eliminación dos estamentos (grupos baseados no nacemento, na sangue o una herdanza), comporta a organización dos individuos en clases sociais según **a súa riqueza**, establecendo un tipo de **sociedade máis aberta e dinámica, con posibilidades de ascenso social**, premiando **o mérito a valía intelectual e a capacidade persoal para as accións lucrativas** (negocios).

A **mobilidade social**, substitúe á sociedade pechada e inmovilista do Antigo Réxime. O eixe central desta nova sociedade é **a desigualdade económica**, provocada pola acumulación de bens e beneficios en moi poucas mans e a necesidade da maioría de traballar para eles a cambio dun salario.

Dominio social da burguesía.- O grupo burgués, protagonista dos cambios económicos e políticos do s.XIX, consolidouse como grupo dirixente, aínda que non é un grupo homoxéneo, dividíndose en **alta burguesía** (grandes industriais e comerciantes, banqueiros), e **pequena burguesía** (donos de pequenos talleres, comercios, intelectuais, pequenos industriais).

A burguesía **posúe os capitais, que inviste para obter máis beneficios**, controla os mercados, e impón ós traballadores longas xornadas de traballo e baixos salarios para reducir os costes, ante a ausencia de lexislación social.

A burguesía protagoniza as revolucións do s.XIX, conseguindo o poder e aplicando novas leis que favorecen as súas ideas: **a liberdade** (política- defensa do sufraxio censatario- e económica- lei da oferta e demanda, non intervención do Estado na economía-), **a igualdade** (legal e fiscal- impostos según a riqueza-) e **a propiedade individual**.

Nacemento do proletariado.- Xunto coa burguesía, o outro grupo social que caracteriza a sociedade do século XIX é o proletariado.

O proletario é un traballador industrial urbano, que como consecuencia da mecanización agrícola, do crecemento demográfico e da reforma da propiedade, **abandona o campo e emigra a cidade buscando traballo nas fábricas.**

As súas condicións de vida empeoran, **cuns salarios moi baixos, longas xornadas laborais, e explotación de mulleres e nenos, o que acaba creando un sentimento ou conciencia de clase** neste grupo, **dando lugar a un movemento obreiro reivindicativo** en toda a Europa industrializada para conseguir melloras socioeconómicas e políticas.

2.- A ORGANIZACIÓN DO PROLETARIADO COMO CLASE SOCIAL.

As condicións de vida e traballo dos obreiros nos primeiros momentos da industrialización eran moi duras, **con xornadas de traballo de ata 14 e 15 horas, utilización de mulleres e nenos como man de obra barata**, sobre todo nos sectores téxtil e mineiro (a primeira lei de regulación do traballo infantil é de 1833, limitando a 8 horas o traballo de nenos entre 9 e 13 anos), onde os castigos corporais eran frecuentes.

Os obreiros vivían en barrios insalubres, os chamados “*barrios feos*”, preto das fábricas, sen **condicións hixiénicas** (non había sumidoiros) e **hacinados** (familias numerosas), **o que provocaba enfermidades moi contaxiosas** (tifus, tuberculose) e **unha gran mortandade**, intensificada polo alcoholismo.

O Ludismo

As primeiras formas de protesta dos obreiros foron de **carácter espontáneo e violento, contra as fábricas e as máquinas, ás que culpaban do paro**. Primeiro en Gran Bretaña e logo en todos os países europeos industrializados, as protestas obreiras consisten en **ameazas e destrución de talleres e máquinas para obrigar ós patróns a negociar salarios e condicións de traballo**. É o que se coñece como **movemento ludista**.

O nome surxe dun obreiro textil chamado Ned Ludd, que foi o primeiro que destruiu unha máquina (1779). O movemento ten o seu orixe nos primeiros anos do s.XIX (1811-17), cunha destrución de máis de mil teares de vapor, que levou ó Goberno a aplicar penas moi duras de multas, cárcere e incluso de morte contra os saboteadores.

En outros países o movemento foi máis tardío, destacando as destrucións de teares en Alcoi (1821) e o incendio da fábrica de vapores de Bonaplata, en Barcelona (1835).

O Cartismo

En 1838, a Asociación de Traballadores de Londres, decide reorientar as protestas dos obreiros pola vía política e non só laboral, **redactando a Carta do Pobo**, na que reclaman ó Parlamento, unha serie de **reformas políticas como o sufraxio universal**. Os seguidores desta proposta foron chamados **cartistas**.

Os cartistas pretendían o triunfo dos obreiros nas institucións, para aprobar as leis necesarias de reforma social (democracia popular, mellores salarios e vivendas, redución da xornada laboral..), **pero o Parlamento rexeitou as peticións** en tres ocasións (1832, 1842 e 1848), **condenando ó movemento ó fracaso** e desaparecendo na década dos 50; aínda así os cartistas **conseguiron que se aprobaran as primeiras leis laborais británicas** que iniciaron a regulamentación do traballo, e **que se unirán grandes masas proletarias en torno a un obxectivo común**.

O Sindicalismo

O control do poder económico e político pola burguesía levou a **aparición dunha nova lexislación laboral baseada na abolición das corporacións gremiais de artesáns e na prohibición de crear asociación obreiras**.

A lexislación antiasociacionista aparece xa na Francia revolucionaria (Lei Le Chapelier de 1791), seguida de outras semellantes en Gran Bretaña (1799-1800).

A pesar das prohibicións, **organízanse asociación obreiras desde finais do s. XVIII, en principio entre traballadores do mesmo oficio**, buscando a igualdade de condicións de traballo e salario entre os obreiros da mesma cidade. Estas **Unións ou Sociedades de Oficios (Trade Unións)**, creadas en Gran Bretaña continuaron medrando por toda Europa, as veces disfrazadas de **Sociedades de Axuda Mutua (Caixas de Resistencia)**, destinadas a axuda dos máis **necesitados** (enfermos, accidentados, viúvas, desempregados, orfos..), e **utilizando as folgas como medidas de presión**.

En Gran Bretaña, existe xa en 1799, unha sociedade de tecedores de algodón en Lancashire. A abolición en 1824 das leis antiasociación, permitiu a **proliferación de unións obreiras de carácter local e por oficios**, que **pouco a pouco foron uníndose en asociación de todos os oficios, nado en 1829, a Unión Xeral de Fiadores**, de John Doherty e en 1833 en unión con Robert Owen, **O Gran Sindicato Nacional (Great Trade Union)**.

En 1851, os intentos de unión sindical dan lugar a creación da Sociedade Unida do sector do metal, considerada como o primeiro sindicato moderno, polo seu carácter nacional e de unión de diferentes oficios. A partir de 1870, **a importancia do movemento sindical inglés permitiu ós obreiros alcanzar melloras legislativas, nos salarios e nas condicións de traballo** (dereito a folga, recoñecemento legal dos sindicatos), e **desde 1874, entran no Parlamento os primeiros deputados sindicalistas**.

No resto de Europa, a forza do sindicalismo foi menor que en Gran Bretaña. En España, o goberno permite en 1839 as asociación de carácter mutualista e as primeiras sociedades obreiras por oficios en Barcelona, Valencia e Madrid.

3.- O PENSAMENTO SOCIALISTA E ANARQUISTA.

Ata o s.XIX foran aparecendo **teorías que antepoñían os intereses da colectividade ós do individuo, propoñendo formulas utópicas de carácter igualitario que establecerían unha sociedade de tipo comunista**, pero será neste século cando se consoliden estas teorías.

O Socialismo Utópico

As consecuencias da revolución industrial levaron a unha serie de pensadores, os chamados **socialistas utópicos**, a reflexionar sobre eses problemas e a **formular solucións ideais que puxeron en práctica nalgúns casos**. Están moi **influenciados polas ideas da Ilustración, polo Romanticismo e pola ideoloxía cristiá, cunha visión idílica da sociedade futura**, moi presente nos seus escritos.

Os socialistas utópicos condenaban o capitalismo, por inxusto e ineficaz, **buscando unha sociedade máis xusta, igualitaria e solidaria**. Non son amigos de revolucións, e **prefiren os cambios graduais e os métodos pacíficos ós violentos, predicando a concordia e o acordo entre burguesía e proletariado**.

Entre os socialistas utópicos franceses destacan:

- **Henri de Saint Simon**, defensor do progreso e da técnica como elemento de cambio, e da fraternidade para superar os conflitos sociais.
- **Charles Fourier**, creador dos falansterios, pequenas comunidades de produción formadas por 1600 individuos.
- **Louis Blanc**, protagonista da revolución parisiña de 1848, ministro de Traballo e creador dos Talleres Nacionais, para acabar co desemprego mediante a intervención estatal.
- **Robert Owen**, dirixente sindical inglés, e empresario filántropo que creou fábricas-cooperativas en Escocia (New Lanark).

O Marxismo

En 1848 na época de auge do capitalismo industrial, Karl Marx e Friedrich Engels, publican o “*Manifiesto Comunista*”, obra fundamental no desenvolvemento das ideas socialistas. As súas propostas **rexeitan as teses burguesas sobre o capitalismo, defendendo o socialismo como sistema máis xusto e humano.**

O Socialismo Científico.- Según Engels, **o socialismo** non é un sistema ideal, senón un método de análise científica das condicións existentes, destinado a **conseguir a transformación da sociedade a través da loita do proletariado contra a explotación burguesa.**

O marxismo como ideoloxía inspirada en principios filosóficos e históricos, ten unha enorme influencia no mundo contemporáneo e nos serve para entender a sociedade industrial como parte do desenvolvemento humano.

A teoría marxista nos ofrece:

- Unha explicación da evolución das sociedades baseada no **materialismo histórico** (sociedade comunista, escravista, feudal e capitalista).
- Un método de análise da realidade baseado no **materialismo dialéctico** (loita de clases).
- Unha **acción política revolucionaria** para transformar a economía e a sociedade capitalista.

O Materialismo Histórico.- Según Marx, **as condicións materiais (modos de produción) son o elemento determinante** de toda ideoloxía e de todo o sistema socioeconómico e político.

Marx fala dunha **estrutura económica** (produción de bens, reparto de excedentes, organización do traballo e da propiedade), que condiciona a **superestrutura político-ideolóxica** (institucións político-xurídicas), **liderada polo Estado, instrumento dunha clase dominante** (burguesía), **que quere manter o seu dominio e os seus intereses sobre a outra** (proletariado).

Existe según Marx **unha estreita relación entre a economía e a ideoloxía xurídico-política** (leis, gobernos), por iso **calquer cambio económico ou tecnolóxico, pode provocar un cambio político**, o que dará como resultado a **sustitución dun modo de produción por outro.**

O Materialismo Dialéctico.- Os acontecementos históricos están condicionados pola relación entre os diferentes grupos sociais, definidos pola situación que ocupan no proceso de produción, dando lugar **ó enfrontamento entre clases antagónicas (proceso dialéctico)**, que rematará coa creación dunha nova sociedade dominada pola clase vencedora (**dictadura do proletariado**).

No modo de produción capitalista existen dúas clases sociais opostas: os burgueses capitalistas e os proletarios enfrontados a nivel económico (salario, horarios), **político** (gobierno, parlamentos, revolucións) e **ideolóxico** (capitalismo-socialismo). Estes conflitos acaban estoupando e dando lugar a un cambio social que remata coas estruturas políticas vixentes ata ese momento.

En conclusión, a loita de clases rematará **cando o proletariado tras unha fase de transición na que conquista o poder do Estado**, de forma pacífica (partidos políticos, sindicatos) ou se é preciso de forma violenta (dictadura do proletariado), **acade a emancipación do dominio burgués capitalista, mediante o establecemento dunha sociedade igualitaria e comunista** (propiedade común dos medios de produción), **na que desaparecerían as clases sociais**.

A Plusvalía.- A apropiación **da plusvalía (diferenza entre o prezo da man de obra e o prezo de venda das mercadorías)**, pola burguesía capitalista é un elemento esencial da explotación do proletariado no capitalismo.

Según Marx, **o capitalista usa esa man de obra ou forza de traballo máis tempo do necesario para compensar os custos de fabricación**, é dicir, aproveitase do obreiro, sobre todo nos primeiros momentos da industrialización na que **os salarios son baixos e as xornadas de traballo moi longas**, polo que os donos das empresas obtiñan altas plusvalías (elevados beneficios).

O Anarquismo

Baixo esta denominación désígnase unha **ideoloxía ou corrente de pensamento e unha práctica política que busca** unha sociedade na que predomine **a igualdade, a liberdade individual e a xustiza social sen ningún tipo de poder**, autoridade e goberno. A palabra grega “*an-archos*”, significa: sen poder, sen autoridade, sen superiores.

Non é un movemento homoxéneo, falándose de ácratas, socialistas libertarios, anarcosindicalistas, pero **todos teñen en común a desaparición do Estado e a defensa da liberdade non como un dereito individual (liberais) senón colectivo**.

O Anarquismo destacou en países como España, Italia, EEUU, Rusia ou Francia, sobre todo a principios do s.XX, perdendo importancia tras a Segunda Guerra Mundial.

Os principios ideolóxicos máis destacables do anarquismo son:

- **Abolición do poder e a autoridade**. Están en contra de todo poder establecido, centralizado e burocrático (Estado, Igrexa, Exércitos), xa que implica a perda da liberdade do cidadán. **Son contrarios ós partidos políticos e as eleccións parlamentarias**, e tamén a certos lazos sociais como o matrimonio e o sacerdocio.

- **Organizacións sociais comunais.** Defenden a organización da sociedade nunha **federación libre de comunas autónomas**, pequenas células sociais gobernadas en réxime de autoxestión (acordos libres entre traballadores) e autosuficiencia. **Están en contra da propiedade privada**, xa que pensan que non é un dereito do individuo, senon que debe ser compartido por todos, por iso **propoñen a propiedade colectiva dos medios e bens de produción (cooperativismo).**
- **O método revolucionario.** A revolución anarquista debe ser espontánea, utilizando as masas traballadoras, pero hai diverxencias no modo de realización entre os anarquistas moderados e os radicais.
Os moderados son partidarios da creación de sindicatos por oficios ou Confederacións de sindicatos (CXT francesa, 1902, ou CNT española, 1910), que **defenden a folga xeral como método de loita.**
Os radicais son partidarios do uso da violencia e do atentado terrorista (“propaganda pola acción”), asasinando a numerosos monarcas, xefes militares e dirixentes políticos en Europa e EEUU (o presidente Mackinley, Cánovas) e cidadáns sobre todo das clases altas burguesas (bomba no liceo de Barcelona e na voda de Alfonso XIII).

4.- O INTERNACIONALISMO PROLETARIO.

A toma de conciencia do proletariado nos diferentes países de Europa levou a posibilidade de **organizar a mobilización e reivindicación dos obreiros europeos a nivel internacional**, mediante a **creación dunha organización de traballadores que aproveitara os contactos entre representantes sindicais de diferentes países**, sobre todo ingleses e franceses, o que deu lugar a chamada Asociación Internacional de Traballadores (AIT) ou Primeira Internacional.

A Primeira Internacional

Celebrouse en Londres, a finais de 1864, onde se reuniron representantes de todas as organizacións obreiras. O protagonista dos seus Estatutos foi Karl Marx, e neles aprobáronse varias medidas como as de **potenciar as actividades das organizacións nacionais, a emancipación da clase obreira e a loita polo poder político**, que según Marx deben ir unidas.

A AIT, funcionaba a través de Congresos Internacionais, nos que se reunían cada certo tempo seccións sindicais de toda Europa para acordar as estratexias a seguir (en España destacou a FRE, creada en Barcelona en 1870).

Os principais problemas que surxiron na Internacional, producíronse polas diverxencias ideolóxicas entre os diferentes grupos de obreiros, que defendían diferentes posturas (os sindicalistas a folga, os utópicos rexeitaban a violencia defendida polos anarquistas que en cambio desconfiaban da actuación na política que defendían os marxistas); **pero sobre todo destacou o enfrontamento entre marxistas e anarquistas**, liderados por Marx e Bakunin.

As discrepancias entre ambos se baseaban na **entrada das organizacións obreiras na política ou nos Parlamentos nacionais** (creación de partidos políticos obreiros), **a idea de Estado, a participación dos campesiños na revolución** (que Bakunin defendía e a que Marx se opoñía) e **a defensa anarquista do individuo fronte ó protagonismo do grupo ou clase social no marxismo.**

Este enfrontamento que foi o principal causante do fracaso da AIT, rematou cou triunfo das teses marxistas en 1872, no Congreso da Haia, do que foron expulsados Bakunin e os seus partidarios anarquistas, formando outra Internacional de traballadores en Suiza. Ambas Internacionais disolveríanse en 1876 e 1877.

Outra causa do fracaso da AIT, foi a represión da Comuna de París en 1871, apoiada polos obreiros franceses, e que culminou coa ilegalización da Internacional obreira en Francia por considerala o Goberno responsable da revolta parisina.

A Segunda Internacional e a formación dos partidos socialistas.

No período que vai de 1870 a 1914, o socialismo marxista gaña en importancia, dando lugar á formación de partidos socialistas en toda Europa, triunfando pois as teses dos partidarios de entrar no xogo político. O primeiro deles e modelo a seguir foi o Partido Socialdemócrata Alemán, fundado en 1875.

Todos tiñan en común a **súa oposición ós partidos burgueses** (liberais e conservadores) e a **defensa dos obreiros**, tendo como obxectivo o apoio dos traballadores para **lograr melloras laborais e políticas nas leis e no Parlamento, aínda que sin descartar a revolución** como alternativa para conseguir a emancipación do proletariado.

En 1889, en París, con motivo do primeiro aniversario da Revolución Francesa, representantes dos novos partidos socialistas, como o español Pablo Iglesias, fundaron a 2ª Internacional.

Os anarquistas xa non foron admitidos, impoñéndose as teses marxistas da participación na política e da conquista do poder do Estado. Foron admitidos só os sindicatos marxistas de 19 países (case 8 millóns de obreiros), como a UXT española fundada por Pablo Iglesias en 1888.

Un dos acordos máis importantes foi a **proclamación do 1º de Maio, como Día Internacional da loita obreira**, como homenaxe ós Mártires de Chicago (1886), e que **serviría nos anos seguintes para reclamar a xornada de 8 horas.**

O revisionismo marxista.- Corrente de pensamento na que **se discuten algunha das teorías marxistas, aceptando incluso a colaboración cos partidos burgueses, sen negar a loita de clases, pero** adoptando métodos non violentos, **rexeitando a dictadura do proletariado.**

Se fala de alcanzar pola vía democrática o poder (eleccións) e socializar só os medios de produción que o Estado administre mellor que os particulares (transportes, obras públicas...), conseguindo elevar o nivel de vida dos traballadores a través das leis e dos impostos.

O capitalismo pois según os revisionistas pode ser modificado gradualmente, pola vía pacífica e democrática, non revolucionaria.

Os revisionistas foron duramente atacados polos marxistas revolucionarios como Lenin ou Rosa Luxemburgo, e apartados da Internacional tras ser rexeitadas as súas teses no Congreso de Amsterdam en 1904. No futuro serán os precursores da socialdemocracia en Europa.

A cuestión colonial e o fracaso da Segunda Internacional.- Os partidos socialistas da 2ª Internacional opuxéronse no Congreso de Stuttgart de 1907, a explotación colonial e a unha guerra resultado da mesma, que parecía inminente.

A pesar da oposición a guerra, vista como un conflito entre países capitalistas polos intereses coloniais e territoriais, a gran discrepancia entre os representantes obreiros sobre a actitude a tomar no conflito, arrastrou ós parlamentarios socialistas de moitos países a apoiar finalmente a intervención na guerra, rompéndose así a solidariedade obreira e contribuíndo a disolución da 2ª Internacional.

Despois da 1ª Guerra e do triunfo da Revolución Rusa, en 1919, se crea a 3ª Internacional ou Internacional Comunista (Komintern), dirixida polos comunistas da URSS, mentras en 1923, os socialistas e sindicalistas crean a Internacional Obreira Socialista, continuadora do espírito da 2ª Internacional.